



CONCELLO DE
CAMBRE

R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 13 DE

XANEIRO DE 2014

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día trece de xaneiro de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona María Jesús González Roel, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa don Felipe Andreu Barallobre.

Intervén como secretaria da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de datas 30 de decembro de 2013 e 7 de xaneiro de 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, acordou deixar os borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 30 de decembro de 2013 e 7 de xaneiro de 2014 sobre a mesa para a súa aprobación na vindeira sesión.

2º.- Correspondencia

- Escrito da excma. Deputación provincial da Coruña, rexistrado de entrada con data do día 8 de xaneiro do ano que andamos co número 112, ao que achega circular sobre a comunicación da aprobación das bases reguladoras do plan DTC 93 unha deputación para todos os concellos, no que figura o Concello de Cambre co importe asignado de 219.149,07 euros.

- Aprobación das bases reguladoras do plan "DTC 93 unha deputación para todos os concellos." (Boletín Oficial da Provincia número 5, de data 9 de xaneiro de 2014).

- Resolución do 17 de decembro de 2013, da Dirección Xeral de Emprego e Formación, Consellería de Traballo e Benestar, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao

abeiro da Orde do 26 de setembro de 2012 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2012 (Diario Oficial de Galicia número 188, do 2 de outubro) (Diario Oficial de Galicia número 4, do día 8 de xaneiro de 2014). Figura o Concello de Cambre cun importe concedido de 10.168 euros.

- Resolución do 17 de decembro de 2013, da Dirección Xeral de Emprego e Formación, Consellería de Traballo e Benestar, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 29 de febreiro de 2012 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2012 (Diario Oficial de Galicia número 50, do 12 de marzo), modificada polas ordes do 3 de abril e 13 de xuño de 2012 (Diario Oficial de Galicia número 68 e 114, do 10 de abril e 15 de xuño, respectivamente. (Diario Oficial de Galicia número 4, do día 8 de xaneiro de 2014). Figura o Concello de Cambre cun importe concedido de 54.186,00 euros.

- Resolución do 23 de decembro de 2013, da Dirección Xeral de Emprego e Formación, Consellería de Traballo e Benestar, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 27 de xullo de 2012, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego, dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012 (Diario Oficial de Galicia número 146, do 1 de agosto) (Diario Oficial de Galicia número 5, do día 9 de xaneiro de 2014). Figura o Concello de Cambre cun importe concedido no ano 2012 de 176,331,60 euros e no ano 2013 importe concedido de 44.082,90 euros.

- Decreto 1/2014, do 9 de xaneiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se regula a creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero. (Diario Oficial de Galicia número 6, do día 10 de xaneiro de 2014).

- Orde do 23 de decembro de 2013, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego, dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (Diario Oficial de Galicia número 6, do día 10 de xaneiro de 2014).

- Orde do 23 de decembro de 2013, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego en Galicia durante os anos 2014 e 2015. (Diario Oficial de Galicia número 6, do día 10 de xaneiro de 2014).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Orde do 23 de decembro de 2013, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2014. (Diario Oficial de Galicia número 6, do día 10 de xaneiro de 2014).

- Orde do 30 de decembro de 2013, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, das subvencións para o financiamento de formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual. (Diario Oficial de Galicia número 6, do día 10 de xaneiro de 2014).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que con respecto ao asunto da piscina municipal e dos informes encargados a Applus, como o departamento de Obras e Servizos remitiu a finais desta semana os resultados, o venres convocouse ás partes implicadas para unha reunión, que terá lugar o día 17, Contratación, Obras e Servizos, Urbanismo e técnicos de departamentos, para avaliar o que se desprende de ambos informes.

A continuación tamén informa respecto das obras realizadas tanto nas pistas de chave como en varios dos polideportivos que xa remataron, agás no Temple, que manifesta que tivo unha xuntanza co encargado e que pedían máis melloras a maiores das xa realizadas, e espera que estean realizadas entre esta semana e a vindeira.

Respecto das noticias aparecidas na prensa en relación coa supresión ou modificación dalgunhas liñas de autobús metropolitano e do interurbano, informa que tanto o alcalde como el mantiveron conversas tanto coa empresa concesionaria coma coa Dirección Xeral de Mobilidade para manifestarlles a preocupación polas consecuencias que se poidan derivar e presentar as posibles alternativas ao servizo aprobado.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que ao longo desta semana se enviarán os díticos para informar sobre o decimocuarto plan municipal de formación, o cal comezará o mes de febreiro. Engade que os cursos que se realizarán este ano son os seguintes: soldadura TIG, monitor de tempo libre, iniciación á informática, branding persoal e búsqueda de emprego, manipulador de alimentos, preparación para a obtención do título de Enseñanza Secundaria Obrigatoria para adultos e preparación para exames de avaliación en competencias clave.

Fóra do plan de formación municipal e dentro doutro programa de fomento do emprego, está no departamento de contratación para comezar no mes de febreiro, o taller de estratexias de marketing dixital, que terá unha duración de catro meses. Engade que realizarán unha serie de prácticas con empresas, e tamén terán dous meses máis de tutorización. A continuación, tamén informa que esta semana se iniciará a contratación doutro programa, dentro do fomento do emprego municipal, pero que non está dentro do plan de formación, un taller formativo, con prácticas, para o manexo de maquinaria de almacén, tales como plataforma elevadora, puentegrúa, grúa elevadora, etc. Estes dous últimos programas dirixense para grupos de entre 15 e 20 persoas.

Antes de que remate o mes de xaneiro comezarán a recoller xa as solicitudes para a segunda licitación dos postos vacantes da feira.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que como consecuencia das chuvias dos últimos días, hai que cambiar o xerador de bombeo no lugar do Caneiro. Engade que se colocou un de xeito provisional e o definitivo custará uns 9.000 euros.

A continuación informa que nas obras de Penouviña, hai dúas palmeiras que plantaron os veciños, as cales agora estorban para realizar as obras e se cambiarán para as dúas rotondas interiores do polígono do Espírito Santo.

Para rematar, informa que se resolveu un problema de conexión de fecais a pluviais na Pena, en Sigrás, que había unha reclamación de Augas de Galicia por verquidos ao río e se resolveu.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que esta semana comezan os cursos na casa da cultura correspondentes ao período de xaneiro a maio de 2014. Engade que o martes día 14, ás 10,30 horas "café en inglés", ás 17,30 horas "obradoiro de teatro". O mércores día 15, ás 10,30 horas, "estimulación mental en adultos". O xoves día 16, ás 17,30 horas "tecido" e o venres día 17, ás 18.00 horas, "cálculo mental".



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona María Jesús González Roel informa que o instituto David Buján recibiu o primeiro premio científico dende Bruselas, sobre estudos medioambientais. Realizaron unha guía de identificación de minerais mediante os códigos QR. Engade que se lles enviará unha felicitación persoal do alcalde e da súa concellería.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria



María Luisa de la Red Ampudia

C.I.F. P-1501700-G